



# Concello de Barbadás

## **BASES QUE REGULADORAS DA INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO MULTIDEPORTE BARBADÁS 2025**

As presentes bases regularan o proceso de inscrición no Campamento Multideporte Barbadás 2025. O programa está orientado á práctica de diferentes deportes, actividade acuáticas e talleres creativos-temáticos, para que os alumnos e as alumnas se inicien nas distintas actividades mentres se divirten. A actividade terá lugar na Casa da Mocidade, piscinas e polideportivo municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas.

### **1. PRAZAS E QUENDAS**

1.1 Ofértanse un total de 4 quendas. Cada quenda terá unha duración dunha semana (de luns a venres) repartidas da seguinte maneira:

<b>QUENDAS SEMANAIS</b>	<b>CÓDIGO</b>	<b>PREZO POR QUENDA</b>
4 ao 8 de agosto	D001	20€
11 ao 15 de agosto	D002	
18 ao 22 de agosto	D003	
25 ao 29 de agosto	D004	

1.2 O numero de prazas por quenda é de 20 participantes, isto é un total de 80 prazas.

1.3 Poderanse solicitar ata 3 quendas por orde de prioridade.

1.4 No caso de que quedasen prazas libres poranse a disposición dos solicitantes, ou ben poderase ampliar os prazos para novos solicitantes no suposto de non cubrir todas as prazas.

1.5 O programación de actividades e deportes pode variar segundo a semana e pode sufrir modificacións por climatoloxía adversa.

### **2. REQUISITOS DE ACCESO**

2.1 A **idade mínima** para participar será dos **8 anos** que os participantes terán que ter cumpridos antes do inicio da quenda correspondente.

2.2 A **idade máxima** para participar será de **14 anos**.

2.3 Terán prioridade os/as solicitantes empadroados no concello.

2.4 Os solicitantes poderán participar ata en tres quendas, que poden solicitar por orde de prioridade. Con todo, antes de conceder a segunda e terceira quenda daráselle prioridade a quen non teña concedida ningunha quenda.

2.5 Os/as solicitantes terán que ter en conta que os contidos das diferentes actividades teñen unha **dificultade media-alta**, polo que por seguridade para participar é **obrigatorio saber nadar e/ou ter**



# Concello de Barbadás

**capacidade de flotación. Da mesma maneira, as persoas con diversidade funcional deberán ter en conta esta condición e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e poder beneficiarse das actividades programadas. En función do tipo de discapacidade, poderá excepcionarse a participación neste programa.**

2.6 As persoas con discapacidade funcional deberán facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude.

## 3. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

3.1 **O prazo de inscrición será do 16 ao 20 de xuño** (ámbolos dous incluídos).

3.2 A adxudicación das prazas realizarase de maneira directa, por rigorosa orde de inscrición e do xeito que se sinala no artigo 2 destas bases.

3.3 **O día 25 de xuño publicarase a listaxe provisional** de admitidos na páxina web do concello [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es) e **terán de prazo ata o 30 de xuño para realizar o pagamento**. Este requisito é obrigatorio para confirmar a praza.

3.4 O listaxe definitiva publicarase o día 4 de xullo.

## 4. INSCRICIÓNS

4.1 As inscricións poderán realizarse presentado o modelo de solicitude do **anexo 1** e por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal/>.
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello 988360000, Oficinas Municipais da Valenzá 988393168)
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

4.2 O horario das oficinas para realizar a inscrición de forma presencial será de luns a venres de 8.30 a 14.30 h.

4.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

## 5. PREZOS E PAGAMENTO

5.1 O Custo da praza é de 20€ por quenda semanal.

5.2 Os solicitantes admitidos **deberán realizar o pagamento das quendas adxudicadas do 25 ao 30 de xuño** e presentarán o xustificante na Casa da Mocidade persoalmente ou no e-mail [xuventude@barbadas.es](mailto:xuventude@barbadas.es) , dando por confirmada a súa praza.



# Concello de Barbadás

- 5.3 No caso de non presentar o xustificante de pagamento no prazo correspondente a praza quedará vacante e seranlles ofrecidas ás persoas solicitantes que figuran nas listas de agarda.
- 5.4 O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ó número de conta/IBAN: ES78 2080 0470 2931 10000065, indicando o código da actividade, quenda correspondente, e o nome e apelidos do/a menor.
- 5.5 Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

## 6. ORGANIZA

Concello de Barbadás  
Concellería de Mocidade e Deportes

Contacto: Casa da Mocidade de Barbadás  
Tel.: 988 000 234  
e-mail: [xuventude@barbadas.es](mailto:xuventude@barbadas.es)

***A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.  
O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade.***